

Bases de
execución.

Proxecto orzamento 2021

Base 27ª. Retribucións de cargos en réxime de dedicación parcial ou exclusiva.

A concesión de dedicación exclusiva e/ou de dedicación parcial, se fora o caso, implicará a alta correspondente no réxime da Seguridade Social, así mesmo, acreditarase o cumprimento dos requisitos que sexan esixíbeis pola lexislación que sexa de aplicación.

Os réximes de dedicación exclusiva ou parcial serán incompatibles coa percepción de axudas de custo por asistencia aos órganos colexiados do Concello.

Cumprindo as limitacións do número de cargos públicos das entidades locais con dedicación exclusiva, establecido no artigo 75 ter, f) da Lei 7/1985, ademais da Alcaldía-Presidencia, estableceuse cinco (5) dedicacións exclusivas.

As retribucións do/a Alcalde/sa e dos/as Concelleiros/as, cumprirán o establecido no artigo 75 bis da Lei 7/1985. Estes importes revisarase anualmente en idéntica proporción que as do persoal ao servizo de Concello. Se establecen as seguintes contías:

Alcaldía-Presidencia: cunhas retribucións brutas anuais de 39.540,20 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro.

Dedicacións exclusivas: cunhas retribucións brutas anuais de 34.700,54 euros, divididas en catorce pagas iguais de devengo mensual; doce ordinarias e dúas extraordinarias, estas se devengarán o día 1 de xuño e o 1 de decembro.

Folla3

Alcaldía – Presidencia	39.540,20
Dedicación Exclusiva	34.700,54
Dedicación Exclusiva	34.700,54
Dedicación Exclusiva	34.700,54
Dedicación Exclusiva	34.700,54
Dedicación Exclusiva	34.700,54